CONCELLO DE SANTIAGO

COMPOSTELA ABERTA

PREGUNTA ORAL DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE OS ESTUDOS SOBRE MOBILIDADE CICLISTA ENCARGADOS NO ACTUAL MANDATO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte PREGUNTA ORAL, sobre os diferentes estudos sobre mobilidade ciclista encargados polo actual Goberno municipal e a súa utilidade

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No que levamos de mandato, o Goberno municipal realizou varios contratos menores para a realización de diferentes estudos e informes sobre a mobilidade ciclista:

- **"Estudo base para a definición do estado actual do uso da bicicleta en Santiago de Compostela"**, contratado en setembro de 2020 a Alexandre Mouriño Fernández por un importe de 17.545 euros
- Elaboración documento técnico **"Deseño de rede de itinerarios sostibles reducción pegada carbono"**, encargado en maio de 2021 a Alexandre Mouriño Fernández por un importe de 17.545 euros
- **Redacción do proxecto de execución da Rede de Itinerarios Sostibles-Fase I (entorno intermodal),** contratado en xuño de 2022 a Estudio Técnico Gallego S.A. por un importe de 14.217,50 euros
- **Elaboración do Plan Director da Bicicleta e VMP de Santiago de Compostela**, contratado en xuño de 2022 a Alexandre Mouriño Fernández por un importe de 16.335 euros.

En total, estes contratos menores supoñen un gasto de 65.642,5 euros

A maiores, o Goberno adxudicou neste mesmo mes de outubro o contrato para o servizo de **Revisión do Plan de Mobilidade Urbana Sostible,** incluído no programa EDUSI, á UTE Eptisa-CPS por un

importe de 139.936,5 euros, IVE incluído. Nos pregos para a licitación do PMUS sinálase, entre os seus obxectivos, o seguinte:

> *- Incorporar ao viario estruturante de carácter urbano á mobilidade ciclista e peonil, propondo e fomentando o uso doutros viarios alternativos existentes e específicos – de carácter non urbano- para a mobilidade rodada de acceso e saída da cidade.*

Nesa liña, nos pregos técnicos da licitación do Plan de Mobilidade Urbana Sostible indícase o seguinte punto:

> *7.3.6. Sistema de mobilidade de bicicleta:*
> *Realizarase e/ou actualizarase o inventario da rede ciclista do municipio. Definirase un sistema para a implantación xeneralizada da bicicleta como modo de transporte na cidade, co obxectivo de comunicar calquera punto da cidade entre si dentro dos parámetros axeitados de seguridade e comodidade ciclista. Estimarase o número de bicicletas privadas usadas e fóra de uso coas súas características con base nas datos xerados na fase anterior, de xeito que sexa posible inferir ou extrapolar a súa distribución espacial na cidade con base noutras información ou variables dispoñibles para cada vivenda ou actividade económica. O espazo viario, urbano e territorial, os tramos e os nodos modais e intermodais, deben conceptuarse xerarquicamente en función do nivel de compatibilidade, coexistencia e segregación dos espazos destinados á bicicleta (ciclovía, ciclorrúa, carril-bici ou ciclocarril, pista-bici, senda mixta peonil e para bicicletas etc.). Determinaranse os factores inhibidores do uso da bicicleta. Localizaranse os focos xeradores e atractores de mobilidade ciclista e sinalaranse aqueles nodos, tramos e áreas que entran en conflito con outros sistema de mobilidade en razón do compartimento da vía pública con outros medios de transporte. Determinarase o potencial de incremento do uso deste sistema de mobilidade en relación cos distintos perfís sociodemográficos e funcionais da poboación, e deseñarase unha folla de ruta para a progresiva captación das persoas usuarias que na actualidade fan uso de automóbiles privados. Todos os datos, as análises e as diagnoses, a planificación estratéxica, as propostas e os programas de medidas relativas ao sistema de mobilidade ciclista se integrarán nun 28 documento específico denominado Plan Director de Mobilidade Ciclista e todo tipo de VMP, que se entregará como subproduto da asistencia técnica.*

E máis adiante, no relativo ás medidas que debe propoñer o PMUS especifícase:

> *_Medidas de recuperación da calidade urbana e cidadá: Melloras na rede de itinerarios peonís, rede de itinerarios ciclistas, alugueiro ou préstamo de bicicletas, aparcamentos de bicicletas, "ciclocarrís" e "ciclorrúas", etc.*

Tendo en conta o anterior, desde o grupo municipal de Compostela Aberta presenta para súa resposta

ORAL a seguinte **PREGUNTA**:

- **Cal é a motivación da contratación destes diferentes estudos (65.642,5 euros) sobre mobilidade ciclista, en que se diferencian e en que medida se solapan co PMUS (139.936,5 euros) que vén de ser adxudicado, e que aplicación práctica fixo o Goberno dos informes que xa foron entregados?**

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2022

Xan Duro Fernández
Concelleiro do grupo municipal de Compostela Aberta

Á ATENCIÓN DO ALCALDE DE SANTIAGO